



# SERRA DO FORGOSELO

Adela Leiro, Mon Daporta  
abril 2017



**Distancia:** 2 km (ida e volta) á Pena dos Tres Pés

**Dificultade:** baixa

**Duración:** variable



Un percorrido sen itinerario fixado, para andar e ver deixándose levar polo terreo e os elementos sobresaíntes da contorna, por un lugar con varios accesos e de camiñar doado.


A serra do Forgozelo forma parte dun macizo granítico, de orientación leste oeste, con altitudes arredor dos 500 m (o punto máis elevado e o Racamonde con 540 m) que ocupa terreos dos concellos de A Capela e San Sadurnino entre os ríos Castro, polo norte, e Eume, polo sur. Parte da súa superficie está incluída no LIC Río Xuvia e é nesta zona na que imos centrar o percorrido. Pódese acceder tanto desde o norte, concello de San Sadurnino, pola Fraguela e o Furado ou pola Pallota (Igrexafeita) e Os Miguelares; como desde o sur, concello da Capela, por Caaveiro ou por Vilar de Mouros e Racamonde. Unha vez no alto, onde a cuberta é só de mato, podemos dirixir os nosos pasos cara a onde mellor nos pareza ou aos lugares que máis nos chamen a atención. Na metade oeste, un pouco máis elevada, as pistas do parque eólico percorren os fios dos cumes nos que podemos apreciar grandes rochas e as curiosas formacións producidas nelas polos séculos de exposición aos axentes xeolóxicos, ver o curro vello de Racamonde e gozar de panorámicas que abranguen o espazo en toda a redonda ata a costa da ría de Ferrol; e na metade leste, máis baixa e máis chan, o espazo está ocupado por pasteiros e turbeiras, nas que atoparemos numerosos animais e plantas asociados a estes medios (pequenas plantas carnívoras, xuncas de algodón, ras e sapos, libeliñas e escarabellos acuáticos); o curro do Covelo, unha mámoa ao seu carón e a ruta da Pedra dos Tres Pés, un percorrido circular, sinalizado, duns 2 km, que nos leva polo medio dos piñeiros a un curioso conxunto rochoso na linde entre os concellos.

Nas abas da cara norte, as que caen ao río Castro, con poucos camiños de acceso e fortes pendentes, consérvanse masas de fraga autóctona entre as que hai numerosas plantacións de eucaliptos.



Pena dos Tres Pés





Curro do Racamonde



Pena Sueira



Cumes do Forgozelo (vista surlleste)



Cume do Racamonde



Cabalos e vacas



Turbeiras



Curro de Covelo



Mámona ao pé do curro de Covelo



Xunco de algodón (*Eriophorum angustifolium*)



Ra vermella (*Rana temporaria*)

